

Fernando González Suárez

Membro do Grupo Francisco de Moure

O VELLO E ACTUAL EDIFICIO DO CONCELLO DE OURENSE

O vello edificio do Concello de Ourense¹ tiña o seu asentamento no mesmo solar que hoxe ocupa a actual Casa Consistorial, é dicir, na Praza do Campo, logo Praza da Constitución, que hoxe é coñecida por Praza Maior.

Este vello edificio databa de finais do século XVII e segundo a investigadora dona Olga Gallego², decidiuse a súa construción no ano 1697, porque a casa que viña funcionando como Concello desde o ano 1519 atopábase ameazando ruína tras moitos remendos e engadidos, o que deu lugar a que se acordase construír un novo edificio, para o que contrataron a súa traza ao mestre Francisco de Castro Canseco.

Este artista era natural de Valderas (León), e atopábase en Melide traballando para o mosteiro de Sobrado dos Monxes. Ó pasar a vivir a Ourense aquí deixou toda unha nómina de obras xeniais, fundamentalmente de escultura, no Mosteiro de Celanova: retablos e cadeirado coral, e tamén na Capela do Santísimo Cristo da Catedral ourense, e nas igrexas de Santo Domingo de Ourense e de Ribadavia. E como arquitecto a súa primeira obra coñecida é esta do Concello de Ourense, aínda que máis tarde contrata a fachada de acceso ao Mosteiro de Oseira³.

Era o edificio do vello Concello, deseñado por Castro, un caserón de planta baixa e piso. Na parte baixa estaba a porta de acceso principal, rectangular, con un lintel de grandes doelas, flanqueada por dúas fiestras, non moi grandes, enreixadas, que coma á igual que a porta estaban cercadas con pedras de granito ben labradas. Sobre a porta principal estaba o escudo de armas, de pedra, existindo outro na fachada situada na rúa da Barreira. Así o sinala na súa obra *Crónica General de España*, referida a provincia de Ourense, don Fernando Fulgosio, editada por Rubio y Compañía de Madrid, no ano 1866.

Copiamos da páxina 16 o que sigue: *La Plaza Mayor es cuadrada, y sus portales embaldosados sirven de paseo en días de lluvia. Aquí está la casa del ayuntamiento, cuya fachada principal tiene dos cuerpos, balcones de hierro, y la lápida de la Constitución; sobre la puerta principal está un escudo de armas, de piedra, habiendo otro en la fachada que viene á la calle de la Barrera. En el interior están el archivo, sala de sesiones, oratorio, y demás dependencias necesarias; también hay veinte y una copias de cuadros del Real Museo de Madrid y el*

retrato del Emmo. Sr. D. Pedro Quevedo y Quintana (sic), con la vista de su sepulcro

A planta superior dispoñía dun balcón corrido, voado escasamente un metro, dotado de tres ocos. Curioso era que para acceder a planta primeira do edificio desde o balcón, había que baixar dous chanzos. Nesa planta reuníase o Concello, e tamén o Tribunal da Inquisición cando actuaba en Ourense, ata que foi suprimido definitivamente no ano 1834, durante a minoría de idade de Isabel II.

O edificio non era moi grande tiña 15 m. de fachada e 11,5 m. de alto. No ano 1863 instalouse un reloxo na parte superior do edificio, cuxo esbozo expoñemos no gráfico que acompañamos.

Os escudos de armas aos que fai alusión á *Crónica* correspondían, sen dúbida, aos que veñen representados por un león en actitude de loita cheo de arrogancia e moitos bríos, a cabeza volta, encrespada a melena e coas garras crispadas oprimindo a espada amarrada coas mans dianteiras, como se pode ver na chamada Fonte do Rei, ou nunha casa da rúa da Primavera no casco histórico, ou tamén no monumento das Burgas.

É curioso que Castro, bo artista como o amosan as súas pegadas artísticas no campo da escultura, se lle escapara deseñar ao edificio sen pórtico, elemento compositivo que dialogaría cos demais edificios da Praza de abundantes soportais.

Sobre a cornixa do edificio que dispoñía de catro pináculos, situouse un peche de 90 cm. de alto, salvo a parte central que foi ocupada por unha especie de espadana apoiada en catro columnas rectangulares de 3,80 m. de alto, de fuste estriado, que sostiñan un frontón curvo, colocándose no seu interior un reloxo transparente.

O proxecto tiña a data de 18 de marzo de 1863 con un aspecto airoso, que mellorou a estética do edificio de Castro Canseco que era de pallabarro como tódalas casas que se construían naquelas datas e só eran de pedra os cercados dos ocos, é dicir, das portas e fiestras e os escudos de armas.

Aínda que non había ningunha razón para que isto sucedera o caso é que na madrugada do día 23 de outubro de 1873 esbórrallouse o edificio, sen ter que lamentar vítimas, polo que houbo que trasladar tódalas dependencias, primeiramente, ao Hospital de San Roque situado na Alameda do Concello e por pouco tempo, xa que axiña pasou a ocupar a casa chamada de Quintás, que estaba situada na rúa de San Miguel xustamente facendo esquina coa actual rúa do Paseo, e ata que se construíu o novo edificio, ocupou tamén unha parte do Seminario Conciliar de San Fernando, obra do Cardeal Quevedo, onde tamén estivo o Instituto de Segundo Ensino, de aquí que a rúa onde estaba enclavado se chamara, rúa do Instituto, antes rúa Nova e hoxe Lamas Carvajal.

Pensamos que o derrubamento do edificio se pode atribuír a moitas causas, pero a principal seguramente era o mal estado das traves e das paredes de palla-

barro, xa que logo a outra teoría de que a causa foi o peso do reloxo antes citado, non nos parece probable⁴, sen que tampouco se poda descartar, aínda tendo en conta que o reloxo se había colocado dez anos antes.

É moi ilustrativa unha acta notarial de don Modesto Morais que describe os resultados da catástrofe⁵, dicindo: «...Apareció en la mañana de hoy hundido el techo de la Casa Consistorial en su mayor parte (...) expedita la entrada, no se vio más que un gran montón de ruinas, la armadura del edificio derrumbada, la plataforma del reloj hundida destruyendo con su peso la mayor parte del piso principal, la escalera y pasillos (...) Quedaron inservibles las paredes de cantería (...) hay grandes grietas en la fachada principal y en las demás, que se hallan falseadas»

O mestre de obras Juan Darriba Tojo, sinalou que as causas do derrubo foron: o excesivo peso do reloxo e a antigüidade e podremia das trabes e cimbras da armadura da Casa Consistorial. Insisto en que a instalación do reloxo era un asunto afastado no tempo, con dez anos de instalación, e o paso do tempo debeu de debilitar a estrutura do edificio polo que a caída do reloxo foi unha consecuencia pero non un motivo.

A desaparición do edificio do Concello obrigou aos concelleiros a formularse a conveniencia de construír unha casa nova, producíndose unha polémica sobre a súa nova situación, xa que logo uns tomaron partido polo solar do vello edificio por razóns sentimentais e históricas e o seu carácter céntrico, e outros, polo contrario, pretendían levar o novo edificio á «Horta do Concello» con fachada á rúa do Progreso que fracasou pola caída da República co golpe de Estado do xeneral Pavía, que deu lugar á destitución do alcalde republicano, don Cándido Cerrada, substituído polo monárquico, don José Seijo quen aceptou o pensamento de construír o edificio novo nos terreos do antigo caserón do século XVII ao que se lle engadiu un solar procedente da compra dunha casa contigua

O Pazo do Concello actual, de estilo ecléctico é un airoso edificio de cantería moi ben traballada, con detalles dunha singularidade excepcional, como o escudo de España, as columnas que sosteñen aos tres arcos de 3,60 m. de luz cada un, apoiados en piares intermedios de case un metro de espesor e piares extremos de 1,45 m. de grosor. Os distintos piares van decorados nos ángulos con columnas de capitel dórico sobre os que se apoian as arquivoltas dos arcos.

Frontóns curvos coas súas molduras sitúanse sobre a cima das fiestras e portas. A principal está flanqueada por pilastras de orde toscano e no centro do tímpano luce o escudo municipal. A porta actual está formada por elementos metálicos e cristal e desentoa co edificio sendo, polo tanto, manifestamente mellorable.

A decoración do primeiro e segundo andar limitárase a doce pilastras, seis para cada andar, de orde composto situadas nos eixes das columnas e dos estribos e dos piares intermedios. Os ocos do primeiro andar levan antepeitos de ferro

fundido. Cada andar está separado por unha cornixa formada por molduras de diferente ancho

Agora, o arquitecto que deseñou o edificio, non se esqueceu de facelo con pórtico de tripla arcada, en harmonía co resto dos edificios da Praza con sopor-tais que defenden aos peóns como refuxio nos días de chuvia o que lle da unha unidade aínda que a Casa do Concello quede separada polas rúas da Barreira e bispo Carrascosa.

O proxecto do novo Consistorio foi deseñado polo arquitecto e profesor da Academia de San Fernando domiciliado en Pontevedra, Manuel de Uceda, presentado co lema: *Labor improva omnia vincit*, seguindo as cláusulas do concurso público que previamente se tiña convocado.

Non tardou o Concello en sacar a subhasta as obras da nova Casa acordándose adxudicala ao coruñés Francisco Cao López pola cantidade de 65.998 pts.

No mes de novembro de 1885 a construción estaba moi avanzada, non obstante e por diferentes motivos as obras prolongáronse ata o ano 1889 e rematáronse axustándose a un novo proxecto do arquitecto municipal José Antonio Queralt e Rauret no que se renunciaba a retirar 1,5 m. o plano da fachada do segundo andar do xeral do edificio, ademais de diversas melloras respecto do ornato, enriquecendo a súa proposta con estatuas alegóricas á agricultura e á industria e outras decoracións, que pese a gustar aos concelleiros, por motivos de economía estes aditamentos caerían no esquecemento, á igual que determinadas grilandas e estrelas debuxadas por Queralt para decorar os espazos situados baixo a cornixa principal do edificio que nunca chegaron a esculpirse.

Un elemento moi singular da fachada que engadiu Queralt foi un escudo de grandes dimensións situado debaixo do reloxo e por riba da fiestra central do segundo andar⁶. Trátase dun brasón de España con tódalas armas dos Austrias e dos Borbóns: Castela, León, Aragón, Sicilia, Granada, Borgoña, Bravante, Flandes, Tirol, os tres lises borbónicos, e o escudo de Galicia, distinguíndose perfectamente o copón e a Hostia do milagre do Cebreiro.

Está timbrado con coroa real e rodeado polo colar da Orde do Toisón de Ouro, cuxo Gran Mestre corresponde ao rei de España desde os tempos de Carlos I. Aso man dúas cabezas de aguia pola parte superior do brasón, elemento decorativo moi singular; non se trata de ningún «paxarraco», senón dun elemento utilizado pola heráldica da monarquía española, desde os tempos do rei Carlos I. Na parte inferior, e fora do escudo, aparecen dous leóns enfrontados, en posición estática, e todo o escudo está rodeado por adornos heráldicos e polas columnas de Hércules coa divisa *Plus Ultra*, incorporadas tamén polo rei Carlos I como elemento exterior.

Chama poderosamente a atención a presenza do escudo de Galicia introducido nun escudo da monarquía española, feito autenticamente insólito.

O actual Salón de Plenos foi decorado polo artista vasco, José Soler de Bilbao, que tamén interveu no Paraninfo do *Instituto Otero Pedrayo*, e antes de vir a Ourense foi o encargado de decorar o Casino de San Sebastián. A decoración consiste en unha serie de grutescos e *candelieri*,⁷ moi utilizados por ese tempo a imitación das antigas pinturas romanas da época de Nerón que foron descubertas na *Domus Aurea* no monte Esquilino.

A fermosa escaleira principal de acceso ao primeiro andar do edificio dende a planta baixa, esta feita con madeira de nogueira polo mestre carpinteiro Ricardo Proenza que tiña taller na rúa dos Fornos.

E os escanos dos concelleiros son obra doutro artesán ebanista, don Cándido Cerredá Pérez, que curiosamente tiña sido Alcalde do Concello ourensán durante a primeira república e, polo tanto, na data de cando se esborrallou o vello edificio do Concello. Tivo unha grande reputación o seu obradoiro, e de alí saíron moitos mobles de madeira que nalgunhas casas ourensás aínda se poden contemplar.

NOTAS

- ¹ GALLEGO DOMÍNGUEZ, OLGA. *Las Casas Consistoriales de la ciudad de Orense*. Boletín Auriense. Tomo X (1980) pp. 107-117.
- ² GALLEGO DOMÍNGUEZ, OLGA. *Ob. Cit.*
- ³ LIMIA GARDÓN, JAVIER. *Un artista leonés en tierras de Galicia*. Tierras de León nº44, pp. 69-74. La Región, 17 de julio de 1980.
- ⁴ BLANCO GUERRA, MANUEL, «La antigua Casa Consistorial de Orense». *La Región*.
- ⁵ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, JOSÉ, *Arquitectura del Eclecticismo en Galicia (1875-1914)*. Volúmen I pp. 37-38
- ⁶ O Proxecto de Uceda indicaba que se puxera unha pedra de armas do antigo Concello
- ⁷ Ornamentación que se aplica aos fustes ou as pilastras e se caracteriza por estar organizado a base dun eixe central que articula motivos xeométricos, vexetais e incluso antropomorfos.